



MARZO / 94

SEMANA SANTA

# FIADREIRO



XIV CROS / 94



ANTROÍDO

Colexio Público de BELUSQ

## EDITORIAL

Este número de Semana Santa curémosllo adicar ós nosos pais, por tódolos traballos que está a pasar con nós; e a TÓDOLOS VEC ÑOS de Beluso que nos reciben día a día con paciencia e bondade.

Xa sabemos que incordiamos e somos pouco soportables: dámo-la lata día e noite. Pero é que queremos poñer un punto final brillante á nosa escolaridade básica. Sabemos que se o conquerimos será gracias a todos vostedes.

Neste número:

-Chamamos ós nosos pais e contáronos as súas vivencias polos reis.

-Contamos a gran diversión do carnaval.

-Achegámonos un pouco á Semana Santa.

- Non nos esquecemos da televisión, da paz, da risa dos pasatempos, do amor...

-Lembramos moi fresco o XIV CROS DE Beluso e estamos a gustar desta SEMANA CULTURAL.

-Recordámoslle os nosos deportes de cada día, dos que xa temos campións de temporada.

Todo o fixemos para que disfruten vostedes lendo unhas páxinas do noso Colexio.

Os alumnos de 8º

NOTA: Pregámoslle ós profesores teñan unha pouca paciencia máis connosco: xa nos queda pouco e estamos moi inquedos. Prometemos agantarnos,...pero xa veremos..

Sempre llo agradeceremos.....

## OS REIS EN TEMPOS DOS NÓSOS PAIS

O Reis dos meus pais non era coma os de agora. Agora a maioría dos nenos desexamos que chegue ese día polos regalos.

Antes a ilusión era cear cousas distintas ás de tódolos días. Xa na víspera andaban todos ledos con esa ilusión de que chegara a noite de Reis. Xogaban, ían para a casa, poñían a mesa moi bonita, cun mantel branco, os pratos todos iguais e tamén os vasos.

Agardaban, miña nai e as miñas tías, a que chegara o meu avó para cear. Cando chegaban os Reis e daban caramelos elas desexaban estar alí.

Miña avoa avisaba que a cea estaba feita e ían todos para a mesa. Ceaban carne, peixe, polvoróns, e o bandullo moi rico que lles faguía miña avoa.

Remataban de cear e ían á dunha tía da miña nai para conversar un pouco, rir, contar contos e cantar.

Poñían na ventá un caldeiro de auga con herbas. Os zapatos de cada unha poñíanse, e acendíanse as poucas luces que tiña a arbore.

Ían para a cama con toda a ilusión do mundo, agardando o pequeno regalo, aínda que ás veces xa se sabía o que era, porque xa se buscara por toda a casa: a pacencia non daba para máis.

De noite durmían cunha pequena formiga de nevios no corpo.

Ó espertares pola mañá ían correndo a sá e nos zapatos tiñan: calcetíns, panos da man, etc.


Logo na adega tiñan agasallos de máis impotancia, pero sempre de roupa ou libros, pois ós meus avós non lles gostaba regalar bonecas: iso deixábanno para a súa madriña.

Ían ás casas das amigas a mirar o que lles botara a elas.

Antes non tiñan a mesma sorte e a algúns só lle regalaban uns calcetíns e era o único que recibían en todo o ano.

Meu pai xa tiña outras navidades: tiña a mesma ilusión, pero como eran dez irmáns, tiñan moitos menos regalos.

Miriam Ferradás Ferradás 6º B



## OS REIS EN TEMPOS DOS MEUS AVÓS

Unha mañá fría do mes de decembro de 1902, un neno chamado Xoán dirixíase cunha burra por un camiño sen asfaltar e cheo de fochancos, a unha veiga que estaba a varios quilómetros da súa casa, para coller herba que serviría de alimento ós demais animais ó longo dalgún tempo.

Cando chegou á casa foi deixa-la burra na corte. Logo reparti a herba entre os animais e entrou na casa. Alí estaba a súa nai preparando hunha torta, xa que era a víspera de Reis e tódolos anos acostumaba a facela.

Pola tarde xuntáronse tódolos nenos na casa dun señor chamado Emiliano e escomenzaron a ensaia-los "reis", que era unha especie de vilancicos. Querían dálle-lo último retoque ás cantigas.

De camiño para a casa estivo pensando nos xoguetes que lle poderían traer. "Eu pídoille unha armónica -pensou Xoán-. Se fosen os reis... Quero creelo, pero... Non sei... Teríanna que traer, ¿non si?

Ó despertarse só había uns zoquiños e uns pantalóns. Decatouse entón de que para se-los seus pais era dabondo. Pechou os ollos e seguiu durmindo.

Yago Martín Menduíña 6º B

### MENÚ DE REIS DAQUELA

COMIDA: Só se comía COCIDO: Patacas, carne de porco, carne de terneira ou carneiro, verdura con chourizos, garabanzos ou freixóns.

CEA: Ceábanase as sobras do cocido de meodía e de postre unha tableta de turrón que sempre sabía a pouco.

REGALOS E AGASALLOS: Regalábanse as lambetadas propias do Nadal: figos, uvas pasas, galletas, froita, chocolate duro...etc. os tempos foron mellorando pouco a pouco e axiña se empezou a agasallar con bonecas, coches, pistolas, balóns, etc.

Martín Otero Pousa 6º B

L A P A Z sobre la T I E R R A

Aunque pueda parecer extraño, quizás la palabra PAZ venga del ESPACIO. La PAZ es un pequeño mundo, tan sólo una semillita que busca una vega donde poder instalarse. y esa vega viene a ser nuestro GRAN GLOBO.

Un mundo que no es azul. Es un lugar en el que la maldad y la ambición reinan, un lugar en el que la felicidad está condenada al destierro.

La paz es blanca y nuestro mundo negro. Harían falta millones de años para que la llamada PAZ pudiera vestir a todo el mundo de blanco otra vez. Entonces empezaría una nueva vida, un nuevo planeta sin guerras, ni peleas, ni sufrimientos...Sería algo especial.

Pero esa semillita no llega a su destino, ya que siempre hay algún viento dispuesto a arrastrarla lejos, muy lejos.


Y mientras, en otros lugares, el polvo se adueña de los caminos: el sol quema los campos, los ríos se secan....Sólo de vez en cuando una flor se abre, florece una nueva esperanza. Una esperanza que se mantiene fresca, pero que se ve turbada por el sonido de los cañones y el grito de las personas desesperadas.

Los viejos caminos están ahora pintados de rojo, las casas y los edificios se hallan destruidos.

¡Si!. ¡Ojalá esa semillita llegue algún día a su destino y florezca sobre este mundo que todos intentamos destruir! Entonces, sí que podremos gritar:

¡ ¡ V I V A L A P A Z ! !

Carmen Santos 7º C



# ENTROIDOS

94



Colexio Público

BELUSO ©

OCTAVO "B"

En carnaval en nuestro colexio,  
En carnaval.  
Toco el colexio disfrazado  
está muy guay.  
Nuestra clase es la mejor;  
si alguien se bica  
es porque algo marta.  
Y si volviera a nacer no estudiaría;  
Y si volviera, no sería profesor.  
nos mandan estudiar todos los días,  
recetas, no sabemos, algo más.  
si con tantos deberes, nuestra vida,  
no podemos descansar.  
Ellos piensan que nosotros somos máquinas..  
Lo negamos, no.  
Que ya hemos cruzado la frontera  
estudiando un montón.  
¡Oh, qué calor..! Los apurre el Barroco.  
¡Oh, qué calor!  
Con D. Ignacio no hay quien pueda,  
¡es un horror!  
Y con D. Pedro no hay que hablar..  
Con tantos problemas nos quiere matar..  
Y si volviera.....

OS LANCHÁS DE 7º B

En Belino hay poucas cousas  
onde os nenes se entretan;  
a biblioteca que había,  
botároncila á perder..  
Estri:- son esas cousas que as ciencias sociais  
que D. Pedro nos dá con esmero  
e mellor que se fai é copiar  
e as cauletas e mellor que hai.

..Hai cousas neste colexio  
que precisan de se arranxar:  
unha é a limpeza das aulas,  
e outra co papeis para xogar.

Estribillo:

..As clases xa teñen loco  
nunca as deben fregar;  
e co pó de sobre das mesas  
xa é mellor non falar.

Estribillo:

Hai outros cous mil asuntos  
que temos de criticar  
pero para que non se aburran  
xa imos comatar.

Estribillo:

OS SUAVES DE 7º C

Estribillo: Este colexio, este colexio;  
xa non pode estar peor  
con estes mestres,  
e as malas instalacións..  
..Empezando por D. Pedro  
que é o noso titor,  
manda un montón de exercicios,  
e ponnos máis dun control.  
E logo dona Isabel  
con linguaxe e ortografía,  
que lles está berrando sempre,  
és que falan noite e día.

Estribillo:

E D. Paco como socialista  
e a historia de hai mil anos  
vamos volver a tocar todos  
con costumes doutros anos.  
E D. Rafael e o debuxo,  
a escuadra e o cartabón  
que facemos cous debuxos,  
cando temos ocasión.

Estribillo:

OS PROTELÓNS DE 6º B

Estribillo:

Vemos que este colexio vai mal, moi mal.  
Temos que busca-la solución ¡Que follón!

..No servício hai que escapar  
sen poder mexar,  
porque teñen un fechor  
de contenedor..

..D. Servilio é coma o pan:  
Temos que estudar  
se ó "quirófano" queremos ir  
a experimentar.

..Moito temos que correr  
voltas sen parar  
D. Nando pensa que  
somos bumerangs.

..O encerrado de 6º B  
non se mira ben..

E as persianas con ventón  
non funcionan xa.

..Este campo de fútbol  
é un colador.

Ten coicaco non meter  
no buraco un pé.

COMPARSA - "OS REVOLTOSOS"

SEXTO - A-

OS ARLEQUÍNS DE 2º

Xa chegamos de novo os "REVOLTOSOS"  
a Beluso con ganas de criticar.  
Preferimos Entroido con cachondeo  
a ese rollo que lle chaman estudar.

Ó Colexio de Beluso  
temos que darlle un repaso.  
Si seguimos de este modo,  
imos a saír no "Caso".

As porterías sen redes,  
polas paredes buracos,  
papeis e lixo no chan,  
cagadas de cans e gatos.

GHA, GHA, GHA, GHA, GHA, ...

Este curso andamos medio rabiosos,  
pois os profes deben ter algún chanchullo.  
Si non sabes a lección de cada día,  
caen copias e castigos a barullo.

Os váteres do Colexio,  
eses si que nos dan pena.  
Si queremos visitalos  
temos que entrar con careta.

Hai escapes nucleares.  
Parece un campo minado.  
Cáenlle ferros e grifos.  
Está todo arruinado.

GHA, GHA, GHA, GHA, GHA, ...

Tamén temos este ano un míster novo,  
que por certo non che é nada feminista:  
Di que as nenas somos un pouquiño torpes  
e que os nenos ségenlle mellor a pista.

Hai un buraco precioso  
na pista de baloncesto,  
para fabricar perfume,  
co tufo que sae de dentro.

As canaletas da auga  
sonche de bo material.  
Desaparecen a cachos  
despois de algún temporal.

GHA, GHA, GHA, GHA, GHA, ...

Despedímonos ata o próximo ano,  
esperando que a modo de lección,  
os problemas que lles fomos presentando,  
pouco a pouco vaian tendo solución.

Non queremos Naturais,  
nin queremos o Inglés.  
Estas festas do Entroido  
debían durar un mes.

Non queremos as Sociais,  
nin queremos Relixión.  
Que estudien os profesores  
e que aprendan a lección.

GHA, GHA, GHA, GHA, GHA, ...

Xa chegamos este ano  
os arlequíns cantores  
para criticar un pouco  
ó colexio e profesores  
Os arlequíns vimos contentos

e queremos celebrar  
cos nosos contos e risas  
a festa do carnaval

Está moi preocupada  
esta nosa profesora  
por non poñer papeleiras  
que non temos por agora.

Está moi estresada  
esta nosa profesora  
por non poder explicar  
xa que andan a chillar.

Cando símos ó patio  
non temos onde xogar  
os rapaces doutros cursos  
non fan máis que abusar.


Estríbillo...

.....

.....

...

.



O profesor de ximnasia  
fainos correr ó revés:  
en vez de mirar cos ollos  
miramos co...envés.

Eu canto, canto / eu canto forte  
por iso digo / ¡Viva o deporte!  
Eu canto, canto / eu canto ben  
Por iso digo / ¡Viva Manuel!

Eu tiña un caldeiro vello  
que era do meu abuelo  
mirouno un tal D. Luis  
Roubóunolo para o museo.  
Eu canto, canto / Eu canto forte  
veñan caldeiros / que non dan corte.  
Eu canto, canto / eu canto así  
¡Que anticuario / está D. Luis!

Cando chove no inverno  
non nos deixan abrigar  
Voces roncas dende a porta  
¡Aquí non se pode entrar!  
Toca a campana / señor porteiro  
toda a campana / e vai pró eiro.  
Toca a campana / señor Ramón  
Toca a campana / ¡tilón, tilón!

A Guadalupe en inglés  
témoslle un medo enorme;  
en canto se fai barullo  
ponnos unha falta de orde.  
Eu falo, falo / na miña clase  
Spike inglihl / que da coraxe.  
Eu falo, falo / falo moi ben  
Spico inglihs / ¡mira que ben!  
Neste colexio hai un patio,  
neste patio un buraco,  
saen por el mil aromas  
que reventan un cabalo.  
Eu cheiro, cheiro / eu cheiro mal  
¡Ai, como cheira! / ¡Tira pa atrás!  
Ese buraco / vaime matar,  
Ese buraco / cheira moi mal.

OS TROTAMÚSICOS DE 4º A

Pa, papapapa...

No colexio un señor anda a durmir,  
toca o timbre moi tarde ou moi cedo,  
Entre berros e saír de paseo  
nunca saímos putuales.

Pero eu como vivo en Beluso  
xa teño un sexto sentido  
e cando sona a alarma  
eu xa me teño ido.

Este cole está fatal  
hai que barre e fregar.  
Este cole está fatal,  
del todos a falar.  
Somos os de 4º A

cque vimos hoxe a cantar.  
esperamos que vos gosten  
estas coplas do lugar.

Dona Lupe a profe de Inglés

Solo sabe poñer negativos.  
Maricarmen mándanos moitos libros  
que non temos tempo nin para ler.  
Pero agora que ven Dona Cristina  
facemos contas e contas cada día.  
Dona Berta nos fala de Xesús,  
porque ela é unha profe moi riquiña.

ENTROU DO / 94

"A TI QUE CHE IMPORTA" 8ºA

Los profesores se empeñan en decir  
que tenemos que estudiar  
nada de vaguear

Caminando hacia el colegio

D. Francisco tropezó  
con la barriga de D. Ignacio  
que estaba comiendo arroz.

Doña Berta nos vamos a aburrir  
con tanto Jesucristo  
ya nos vamos a dormir

Este año D. Ignacio  
a Hawai nos va a llevar  
pues que tanto trabajamos  
mucho queremos disfrutar

Doña Dori déjanos respirar

que la hora del recreo  
es para jugar  
y disfrutar.

Oh, D. Pedro, no te cabrees más  
con tus valencias y problemas  
nos quieres catear.

D. Manuel se parece a M.A.  
con su cara de fantasma  
ya nos quiso asustar  
y con sus ejercicios nos va lesionar.

COMPARSA DE 5º C

Eiquí estamos de Beluso  
picariños criticando  
ós mestres do noso curso  
que xa nos están fartando

No Nadal fomos ó Planetario  
mirámo-las estrelas con rigor  
¡Na lúa hai tuzariños!  
afirma algún con gran valor

O mestre de ximnasia  
tennos moi esgotados  
de tanto que nos fai correr  
o xersei hai que expremar

Eiquí veñen mozos e mozas  
facendo de comparsa estrofas  
bailamos, disfrutamos en Beluso  
na comparsa de carnaval ó uso

Hannos de oír si señor  
facendo rimas como cadre  
aínda que metamo-la pata  
estamos en carnavales.

O mestre D. Rafael  
xa nos ten fartiños  
de tantos deberes que manda  
temos que facelos no camiño.

A mestra dona Berta  
con tantos debuxiños  
xa temos a cachola  
chea de paxariños.

Eiquí vimos, eiquí vamos  
da Chadiza, de Bon, de Cabalo,  
de Montemogos e tamén de Cabalo,  
de Ruanova e de Sar  
de Playa Beluso e de Vilar.

COPILLA de 5º A


La clase de 5º A  
no es una clase cualquiera  
en ella estamos a gusto  
pocas veces hay disgusto

la profesora de inglés  
nos pone pocas canciones  
por eso todos los niños  
ponemos muchos tachones

Pero en alguna ocasión  
hay algún bobalicón  
que no sabe la lección  
bronca de Doña Ascensión.

Doña Nieves, doña Nieves,  
nos tiene un poco de envidia  
así viene Doña Ascen  
traerle alguna quejilla.

Os Indecisos de 7º A



Hai que facer un colexio  
por que este é moi velleño  
as paredes están rotas  
e parece un cortelliño

Estribillo

Cambiaríemolo colexio  
somos de 7º A  
cambiaríemolo Bicolexio  
e faremos xa

O porteiro toca o timbre  
sen saber que hora é  
sera cedo, sera tarde  
non salémo-lo por que

Estribillo

Se che gusta a compara  
e se nos queres buscar  
verte, corre a nosa clase  
a clase de 7º A

Dona Doui, Dona Doui  
non nos marchas tantas copias  
que algún día a fastidiar  
e facemos fotocopias

Estribillo

Do profe de ximnasia  
non temos queixa que dar  
deixámonos xogar a todo  
e ás veces ponse a berrar

Estribillo

O profe Don Rafael  
moito se pon a falar  
pero estando él na clase  
non nos imos enterar

Estribillo

OS GUAPOS DE 6º C

Este cole témolo que arranxar  
porque as paredes caen  
un día vannos matar.

O profesor de ximnasia  
quere a todos fastidiar  
con semellante arbitraxe  
e aínda non sabe o que é xogar.

D. Servilio ó laboratorio  
sempre nos quere levar  
a facer experimentos  
algún día vainos destripar.

O profesor de galego  
quérenos facer pensar  
tantas páxinas que manda,  
non nos deixa respirar.

.....

.....




EN UN APACIBLE MANICOMIO CON COMPLEJO DE SUPER HEROES...




# S. JOSE

TAMBIÉN EN MUCHOS PRODUCTOS COMO...



PERO VEAMOS A NUESTRO HÉROE



IVÁN P. G. C.

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

CURSO 1993-94

O longo deste curso estanse a levar a cavo unha serie de actividades extraescolares e complementarias para o complemento da educación dos nenos, a súa formación, e tamén dos pais. Outras serven de entretemento nos momentos de tempo libre.

**XIMNASIA RÍTMICA:** impartida por Monserrat Rodríguez.

Tódolos sábados de 10 a 14 horas en dous grupos.

**TRABALLOS MAUAIS:** dirixidos por Fina Paredes

Os luns e os venres de 5 a 7 da tarde.

**COSTURA:** impartida por M<sup>a</sup> Carmen Fernández

Mércores de 5½ a 6½ da tarde.

**TAEKONDO:** dirixido por Manolo

Mércores de 5 a 7

**NATACIÓN:** Impartida en piscina BANANA de Cangas.

Venres de 6'45 a 8'45 da tarde.

**GAITA:** Ensinada por Sr. Manolo Barros.

Martes e sábado maiores. Pola semana os pequenos.

**BAILE GALEGO:** dirixido por M<sup>a</sup> José Ferradás

Luns de 5 a 6 os pequenos e sábados de 3½ a 5 os maiores

En total baile e gaita son 42 alumnos.

Tódalas actividades conlevan unha aportación por alumno de 800 pesetas.

**MECANOGRAFÍA:** Profesor D. Ignacio.

Os luns, e venres de 12½ a 13½.

Despois de Semana Santa tamén os mércores de 12½ a 13½.

Todas estas actividades teñen que seren complementadas ca dos deportes que se realizan en horario escolar, e extraescolar.

UNA CARTA SIN DESTINO

El barco se ha parado, pero nosotros no dejamos de viajar. Fuera, el temporal arrecia, mientras tú y yo nos amamos en la oscuridad.

Me paro en los pasillos a esperarte. Siempre que por allí te veo sonriendo estás y eso me hace feliz por demás.

Caminas como si no te viera, y tu sonrisa abre todas las ventanas por donde ha de entrar la luz que en tus admirados ojos se va a reflejar.

¿De dónde vendrás? ¿Cómo acertaste con el rumbo que hace posible todo encuentro? Si fue el azar, él es mi dios y siempre lo será.

"A quien dices tu secreto, das tu libertad" leí. Tú puedes ahora y siempre leer mis secretos porque mi libertad la tienes ya. Quisiera descubrirte y desvelar tus secretos.



Desparramado como un torrente por la falda de una montaña o relampagueando en mitad de la noche como un reloj digital que ha cambiado su tic-tac por el pálido brillo de las luciérnagas y el agudo canto del grillo, se encuentra nuestro amor.

No estamos parados, mi dulce amor. Todo el Mediterráneo está conmigo con tan sólo recordar la última de tus palabras.

Escríbeme, amor; que yo te escribiré a ti; te contestaré, te volveré a escribir...

Cuentos de enamorados que a nadie le interesan, que unos quieren vivir, que otros han pasado....

Vanesa González 8º A



## A SEMANA SANTA PARA MIN

A Semana Santa para min é a morte e resurrección de Xesucristo.

Tamén é o roscon que che dan os padriños.

Unha semana de vacacións, as notas, que a máis de un tráenno máis que amargado..

Estas celebracións fanse corenta días despois dos carnavais porque eses son os días da Cuaresma.

Na celebración da Samana Santa recóllense pasaxes polos que tivo andar Xesús denantes de ser crucificado.

Na véspera prepara unha cea para os seus amigos, porque el xa sabía que o ían matar.

Cunha morte avergoñante diante de todo o mundo, os xudeos pasearán a Xesús coma un criminal. Mátanno, entérranno, pero ó terceiro día Resucita e aínda anda polo mundo consolando ós seus amigos denantes de subir ós Ceos, onde o agarda o seu Pai.

¿Qué se fai nesta SEMANA SANTA?

o primeiro domingo é o DOMINGO DE RAMOS, no que se vai á misa, levando unha palma ou unha pola de oliveira. O cura bendice tódolos ramos e logo faise a procesión.

XOVES E VENRES SANTOS hai rezos e procesión SÁBADO SANTO a Misa do Galo, para recordar que Xesús vai Resucitar.

DOMINGO DE PASCUA: Día de ledicia, resucitou Xesús e os nosos padriños tráennos a "Pascua": que é un roscón que sabe moi ben.

A Pascua pode significar:

A resurrección de Cristo

A marcha dos xudeos de Exipto

Noutros lugares coma en Filipinas as persoas vivas crucifícanse polos pulsos e os pés durante un día.

É a forza da fe.

Noelia Ruibal 6º C

SEMANA  
SANTA



Na SEMANA SANTA celébrase a Paixón e Morte de XESUCRISTO, O Noso Señor.

Lémbrese todo o seu sofrimento, a súa flaxelación, a súa coronación de espiñas, a súa crucifixión...

Comenza a SEMANA SANTA co DOMINGO DE RAMOS, no que se recorda a entrada de Xesús en Xerusalén, cando todos o reciben con palmas e pólas de oliveira.

As celebracións todas son a base de misas e procesións.

En cada lugar lugar celébrase de maneiras moi distintas, pero todas veñen a se-la mesma cousa: unha pequena cerimonia, onde o crego reza coa xente tódalas estacións vividas por Xesucristo.

Logo o crego saca o Cáliz do Sagrario do Altar Maior e lévao a un pequeno monumento que xa está preparado en forma de escada con moitos buracos.

Cando está posto o Cáliz no Monumento pónense as velas nos buratos e pégaselle lume. Tódolos fieis rezan durante toda a noite e o día seguinte ó Santísimo.




Este Xoves e o Venres fanse as procesións, sacando a tódalas imaxes que haxa en relación con este tema: Xesús na Cruz, A Magdalena; O Clavario, etc.

O cura vai baixo "palio": especie de toldo ffeito de tea, romatado en forma de andas e uns flecos, suxeitada por unhas varas de ferro. Estas barras van da man de cadanseu home. Diante vai un home tocando a roncha, que é unha especie de caixa de madeira.

Noutros lugares, coma en Sevilla van uns homes vestidos de "nazarenos", cubrindo a face e a cabeza cunhas carapuchas. Á xente dende os balcóns cántalle saetas a Xesús, á Virxe dos Dolores, etc.

Pola Pascua celébrase a Resurrección de Xesucristo.

Xosé Ramón Portela 6º C



**DÍA DOS  
PADRINOS**

DEPORTES ESCOLARES

CAMPEÓN BALONMÁN FEMININO

Campeón 6º, 7º e 8º

LAS MAS de 7º B e 8º A  
Rosa María Davila Menduiña  
Lidia Magdaleno Alvarez  
Vanesa González Dios  
Rosa Moldes Menduiña  
Concepción Martínez Piñeiro  
Carmela Malvar Blanco  
Hermosinda Martínez Martínez

Campeón 4º e 5º

SABUESAS DE 4º A e 5º C  
Rosario Brión Bello  
Aurora Estévez Cruz  
Mª Jesús Comedeiro Darrosa  
Elia Santos Novas  
Eva Caballero Iglesias  
Adriana Patiño Domínguez

CAMPEÓN FUTBOL-SALA MASCULINO

Campeón 7º e 8º

CITI DE 7º B

Javier Oliveira González  
Pablo Malvido Malvido  
Iván Novas Patiño  
Francisco Lamosa Portela  
Benén Germade Menduiña  
Gustavo Martínez Viéitez  
Saúl Martínez Chapela  
Ángel Loira Patiño  
Gaspar Otero Villanueva

Campeón 5º e 6º

BUFI TRUFIS

Benito Agraso Dios  
Santiago Álvarez Álvarez  
Lorenzo Álvarez Dios  
David Álvarez Rodríguez  
José María Corredoira Martínez  
Lino Estévez Montejano  
J. Antonio Ferradás Crujeiras  
Óscar Ferradás Crujeiras  
David Barreiro Salgado

CAPEÓN DE 3º e 4º

KIN BOSER de 4º A

J. Eugenio García villanueva  
Damián Domínguez Martínez  
Alfonso Ferreira Pastoriza  
J. Pablo ferreira Pousa  
Jaime Currás Fontán  
Francisco Gallo Ferradás  
Samuel Ferradás González  
Slavador Domínguez Santos  
Alberto Ferradás Crujeiras

ORGANIZACIÓN

- CONTROLES: LINO, Edelmiro, Moncho, Porto e 6 alumnos de 8º
- META: CALEIRO, Luis Agulla, Jorge, José Benito e 10 ex-alumnos.
- XUÍZ SAÍDA: BENITO
- ORDE XENTE EN META: DANIEL, Lito, J. Ramón, Ángel
- ORDE XENTE CRUCE: JULIO, M. Menduñña, Salvador, Santiago, J. Agulla, Gestido, Alfonso
- RELACIÓNS PÚBLICAS:
  - CRUZ VERMELLA: PABLO, Consuelo
  - TRÁFICO: SAMUEL
- COMUNICACIÓNS: RADIO CLUB "OS PAROLEIROS"
- COCHE ESCOBA: Andrés González
- MOTOS: Javier, J. Luis, David, Gustavo
- APARCAMENTO AUTOBUSES: JULIO, Rivero, Benito
- MESA INFORMACIÓN: D RAMÓN E DONA ADORACIÓN SANTOS
- MESA CONTROL CLASIFICACIÓNS: D. Servilio, D. Pedro, D. Luis
- REPARTO VALES E RECONTO PARTICIPANTES: D. M. Fariña, Benito, D. José Feijoo, D. Rafael Alves
- REFRESCOS E YOGURES: Directiva A.P.A.
- ENCARGADOS TROFEOS: D. Luis e D. Servilio
- VIXIANTES TROFEOS: BENITO NEDAS, Canosa, E. Somoza, J. Manuel Couso:
- OUTROS COLABORADORES: D. J. Manuel Martínez, D. Jorge Sobral, D. Francisco Davila, D. Manuel Durán e outros profesores do Colexio de Beluso.
- REPARTO TROFEOS: Dona Consuelo, Presidente da A.P.A., Representante do Concello de Bueu e D. José Martínez
- MICRÓFONO: D. José Ignacio e D. J. Manuel Martínez
- ENCARGADAS PREESCOLAR: Dona Carmela, Dona Begoña, Dona Mª José, Dona Mª Carmen
- ENCARGADO ALUMNOS PARTICIPANTES DO COLEXIO: D MANUEL A. Alonso
- CHRIAGUITO ALUMNOS 8º: Dona Mª Lina e D. Francisco Suárez
- RECEBIÓ DELEGADOS COLEXIOS: Dona Consuelo e A.P.A.
- COCEDARIO MEXILÓNS: Ramón Pereira.

XIV CROSS BELUSO 94

---

Un ano máis celebrouse o CROSS DE BELUSO que nesta ocasión facía o número CATORCE, o pasado domingo 20 deste mes.

Nesta ocasión participaron 27 colexios, da zona do Morrazo que nos son fieles a esta cita anual, con máis de mil douscentos participantes.

Entregáronse 140 trofeos.

CLASIFICACION INDIVIDUAL

PREESCOLAR 1º Sabela Miranda  
3 ANOS 2º Francisco J. del Rio  
3º Iago Sousa  
4º Lidia López

PREESCOLAR 1º José Salvador  
4 ANOS 2º Mauro Bacelar  
3º Angela Fernández  
4º Darío Rodríguez

PREESCOLAR 1º David García  
5 ANOS 2º Pablo Ferradás  
3º Xián Fariña  
4º Tara Soage

MINIBENXAMIN MASCULINO

1º David Otero  
2º Alberto Corredoira  
3º Celso Golobardas  
4º Jacobo García

FEMININO

1º Noemí Ignacio  
2º Silvia Miranda  
3º Raquel Novas  
4º Nébeda Piñeiro

BENXAMIN  
tanda A

1º Angel Pérez -Cia M<sup>a</sup>  
2º Bernardo Cao -A Rúa  
3º Manuel Martínez -Cela

Eva Caballero -Beluso  
Laura Alvarez -S. Roque  
Olalla AlfaYa -S. Roque

BENXAMIN  
tanda B

1º David Rodas -Espiñeira  
2º Eligio Garrido -S. Roque  
3º Damián Domínguez -Beluso

ALEVIN  
tanda A

1º Juan A. Piñeiro -Nazaret  
2º Gustavo Novas -Coiro  
3º Roque González -Domaio

Angela Sueiro -Nazaret  
María Martínez -A Rúa  
Ana Belen Paz -A Rúa

	MASCULINO		FEMININO
ALEVIN	1º Lino Estévez -Beluso		María Moldes -Pondal
tanda B	2º Ricardo Abalo -Beluso		Tania Barros -Suanzes
	3º Emilio Martínez -S. Roque		Alba Caneda -S. Roque
INFANTIL	1º José A. Fernández -A Rúa		Marina Caballero -Beluso
tanda A	2º Pablo Castro -Monteporr. 1		Lourdes Pazó -Pondal
	3º José B. López -Ardán		Mirian Sánchez -S. Roque
INFANTIL	1º José M. Rodas -Tirán		
tanda B	2º Abrahán Rodríguez -Sequelo		
	3º Manuel Pena -Bueu		
CADETE	1º Guillermo Rodal -Mª Soliño		Rosana Romero -Nazaret
	2º César Rodríguez - " "		Cristina Caballero -Beluso
	3º Adrián Pena -Tirán		Concepción Martínez -Beluso
CLASIFICACION	POR EQUIPOS		CLASIFIC. POR Nº DE PARTICIPANTES
	1º C.P. Beluso 114 ptos.		1º C.P. de Beluso
	2º C.P. Darbo 87 "		2º C.P. de Ardán
	3º C.P. A Rúa 83 "		3º Cia. de María
	4º C.Maria 47 "		4º C.P. de Bueu
	5º C.P. Aldán 42 "		
	6º C.P. Ardán 30 "		
	6º C.P. Nazaret 30 "		
	8º Domaio 26 "		
	9º C.P. Tirán 25 "		
	10º I. Cangas 22 "		
CLASIFICACION	DE OTRAS CATEGORIAS		
JUVENIL	1º Victor M. Blanco		Pilar López
	2º Severo Barreiro		Sandra González
	3º Marcos Torres		Olga Medraño
SENIOR	1º Castor Vázquez		Cristina Caiño
	2º Jesús López		Mª José Pérez
	3º - - -		Chelo Davila
VETERANOS	1º Salvador Torres		Berta Riobó
	2º Raimundo García		Dora Márquez
	3º José Carlos Baquero		
CARROZAS	1º José Moital		Adelaida Portela
	2º Francisco Davila		Carmen Rodríguez
	3º Francisco J. Portela		

Trofeo ó máis veterano: Francisco Davila

# PROGRAMA

## DIA 20 DOMINGO

As 10 da mañá: XIV CROSS-BELUSO 94

## DIA 21 LUNS

De 4 a 5 da tarde: PARTIDO DE FUTBITO entre Profesores e Pais de alumnos

## DIA 22 MARTES

As 8,30 do serán:

CHARLA: "O Matrimonio e a súa problemática xurídica".

PONENTE:

Dña. ISABEL BLANCO FRANCO, Avogada da Casa da Muller de Vigo.

Seguidamente: ACTUACION da Banda de Música e Coral AGARIMOS DE BUEU

## DIA 23 MÉRCORES

De 3 a 5 da tarde:

CHARLA: "O Medio Ambiente"

PONENTE: Dña. MERCEDES PITA

## DIA 24 XOVES

De 3 a 5 da tarde:

CHARLA: "O Terceiro Mundo Interpélanos Hoxe"

As 8.30 do serán :

CHARLA: "O Terceiro Mundo Interpélanos Hoxe"

PONENTE DAS DUAS:

Sr. D. GABRIEL VECINO TOMÁS

A continuación: " Os LOSTREGOS de Marín, cos seus ACORDEONS

## DIA 25 VENRES

De 4 a 5 da tarde: Partido de Baloncesto entre Nais e Alumnas do Colexio

As 8.30 do serán :

MESA REDONDA: "Saídas o remata-la E.X.B."

PONENTES: O Sr. Director do INSTITUTO DE BUEU e O Sr. Director do INSTITUTO SOCIAL DA MARINA.

O remate: Actuación DOS PENEQUES

## DIA 26 SABADO

As 5 da tarde: EXHIBICIÓN DOS ALUMNOS de Xinasia rítmica, Baile e gaita NOVOS VENTOS.

GRUPO INVITADO DE GAITAS "Antoxo"

As 8 do serán:

CONCERTO DA CORAL LESTONAC na Igrexa Parroquial de Beluso.

## VII SEMANA CULTURAL

# BELUSO 94

Do día 20 ó 26 de Marzo

LUGAR:


COLEXIO PUBLICO  
DE BELUSO

## ENCUESTA SOBRE LA TELEVISIÓN Y EL TIEMPO LIBRE

Realizamos una encuesta para saber lo que opina la gente sobre la televisión, tiempo dedicado, preferencias, y comparaciones con otras actividades

De un total de treinta encuestados, se obtienen lo siguiente:

### PREGUNTAS:



- 1ª.-¿Cuánto tiempo dedica a ver la televisión? 1 h. 1-2 h +4.horas.
- 2ª.-¿Qué canal conecta con más frecuencia?
- 3ª.-¿Cree que los canales de que disponemos son pocos, muchos, sufis?
- 4ª.-¿Qué tipos de programas le gustan más?
- 5ª.-Si algún día le fallara el televisor ¿Como reaccionaría?
- 6ª.-¿Cuando no ve la televisión, a qué se dedica?
- 7ª.-¿Cuánto tiempo dedica a practicar deporte normalmente?
- 8ª.-¿Cuánto tiempo dedica a la lectura?
- 9ª.-¿Va al teatro, al cine o a los conciertos?
- 10ª.-¿Participa en alguna actividad cívica o cultural de su pueblo?

RESPOSTAS: De los 30 encuestados, 12 ven la televisión 1-2 horas día (40%); 10(30%) de 2-4 horas; y 8 (26%) más de 4 horas. No hay nadie que no vea la tele.

2.-Los canales preferidos son Tele 5 (33%) TVG (26'7%) Antena 3 (13'3 %) el resto la 1ª y la 2ª.

3.-El 60% de los encuestados considera suficientes los canales existentes.

4.- Los programas favoritos parecen ser los informativos (7), los deportivos (6); seguidos de los dibujos animados (4), concursos (3), documentales (2), telenovelas (2) y reality show (2)

5.- Diez personas admitieron que se enfadan cuando se les estropea el televisor, (33%); 7 reconocen que les molesta (22%), a otras 10 les da igual (33%) y solamente a 3 les alegra tenerlo estropeado. En este último grupo non hay ningún niño.

6.- Cuando no ven la televisión, los encuestados dicen realizar las siguientes actividades para ocupar su tiempo libre: ir de paseo, a la cafetería, discoteca, etc. (13 personas); practicar algún deporte (12); leer (2); ir al cine, teatro, conciertos, etc (2) y realizar algo de todo (1).


7.- Ocho personas dicen practicar deportes a menudo, otras 8 de vez en cuando, 2 los fines de semana, 11 dicen no hacer nunca deporte, y tan sólo 1 dice practicar deporte todos los días.

8.- Ocho personas dicen no dedicar tiempo a la lectura, 2 dicen leer solamente algún periódico, 8 8 dicen leer algo de vez en cuando, 10 afirman leer regularmente y tan sólo 2 dicen leer mucho.

9.- La mayoría de los encuestados (60%) dicen que no van mucho al cine, teatro, conciertos, ballet...; 2 afirman ir con frecuencia; 8 confiesan ir pocas veces; y solamente 2 (6'6%) dicen asistir con frecuencia a estos actos.

10- 24 personas (80%) contestan que no participan en ninguna actividad cívico-cultural de su pueblo y 6 (20%) dicen participar en alguna actividad como por ejemplo en la Asociación de Vecinos, Asociación de Padres, etc.

Senén Germade y Manuel Malvido 7º




DISQUES, SEICAS E SERÁNS

- + Disque no noso colexio se vai inaugurar unha discoteca.  
Santiago Patiño 8º A
- + Seica ó profesor de ximnasia lle está a caí-lo pelo.  
Evaristo 6º C
- + Será que Dona Dori se vai converter en Arguiñano, por tódalas "recetas" ricas que nos manda.  
Evaristo.6ºC
- + Disque hai alguén que se vai namorar. De tanto bico e tanto achuchón algo vai pasar.  
Pablo.8º.A
- + Seica moitos alumnos de 8º van catear: moita excursión, moitos cartos, pero nada de estudar.  
Pablo.8º.A
- + ¿Será que en oitavo están tódolos xenios das "chuletas"?  
Vanessa Cabanelas 8º A
- + Disque se fala moito por detrás da excursión de 8º, pero todo vai moi ben, e ó final todo vai quedar en "admiración".  
Faustino.8ºA
- + Seica no patio do colexio van facer unha pista de tenis.
- + ¿Será verdade que os porteiros do colexio están "herniados" de tanto limpa-los baños?  
Carmen Piñeiro 6º.C
- + Disque o DEPORTIVO vai gaña-la liga de fútbol.  
Miguel Ángel Soage 6º C
- + Seica o noso porteiro topou unha "mulata" de moi bo ver, e quere levala á illa de Ons para estaren máis sós.  
Tania.6º.C
- + ¿Será verdade que se vaia facer un polideportivo no colexio?  
Manolo 6º C
- + Disque a profe de inglés lle mandou ó seu marido dez mil copias por non lle dar de comer ós gatos.  
Roberto Santos 6º.C
- + Seica vai vir unha inspectora de Sanidade ó Colexio. Como mire os cuartos de baño, vai quedar asustada para toda a súa vida...  
Noelia Ruibal 6º C
- + ¿Será verdade que algúns profes van facer unha folga de fame ata que os alumnos deixen de berrar?  
Noelia Ruibal.6º.C
- + Disque unha botella de lexía no colexio dura catro anos. Así se entende porque ten valoro.  
Noelia Ruibal.6º.C
- + Seica a Garda Civil xa non lle queda nada que facer en Beluso. Agora adícase a deter "traficantes" de lambonadas.  
Noelia Ruibal 6º C
- + ¿Será verdade que a algún profe lle van poñer o "leiteiro", porque cando vai a un bar sempre toma 2 ou 3 vasos de leite ben quenteño?  
José Ramón 6º C

# PASA TEMPOS

## 1. POÑÉDELLE NÚMERO ÓS DEBUXOS:



- |            |              |
|------------|--------------|
| 1 anzol    | 15 porto     |
| 2 áncora   | 16 grúa      |
| 3 babor    | 17 peirao    |
| 4 estribor | 18 estaleiro |
| 5 mastro   | 19 nasa      |
| 6 popa     | 20 praia     |
| 7 proa     | 21 faro      |
| 8 quilla   | 22 illa      |
| 9 sedela   | 23 coído     |
| 10 temón   | 24 trueiro   |
| 11 cana    | 25 bourel    |
| 12 vela    | 26 fisga     |
| 13 búsola  | 27 raño      |
| 14 harpón  | 28 poteira   |

B A R C O B A R C O B A R C O  
 A B U C E T A L E X I A V V C R  
 R C B Z G A M B A S T E V O R  
 C O A B A L E A T N A V A L A B  
 O R V X B O U R I A V A T A B  
 B V R T A B U L E V U I T N O  
 A E E V R L B O V E N X T T C R  
 R T G O R T B V V I A E Z E R A  
 C A M O A B B E V A L L T I R A  
 O S E S R B W N Z V O G A R B O  
 B I T E B O U T O I V A N O B O  
 A P O B R A R O C O N V O I C R  
 R A B A L A R E M A L E V P R A  
 C B O C R I B E I R A Z X V A  
 O C R A B O C R A B O C R A B

### 3. BARULLO DE LETRAS: B/V

Busca no cadro e escribe máis de cinco palabras relacionadas con barcos: con "B"

.....  
 .....  
 .....  
 .....

con "V"

.....  
 .....  
 .....  
 .....

### 2. ENCRUCILLADO:

#### HORIZONTAIS:

- Ave de rapina da familia das falcónidas. Consoante dobre.
- Vía no interior dunha vila.
- Vivenda esquimal. Prenda de debaixo da saia.
- Colectivo de rochas, penedío. Norte.
- Recemos. Membros das aves.

#### VERTICAIS:


- Insecto de cor negra e costumes nocturnos.

- Mesturar con auga o viño.

- Caldeiro.
- Vocal pechada. Antónimo de teu (ó rev.).
- Anfibio (ó rev.). Atadura.
- Auga conxelada en cristais pequeniños (pl.).
- Denominación infantil do mexo (ó rev.).
- 2ª forma do artigo m.pl. Preposición.
- Mamíferos carniceiros, reis dos animais.

	1	2	3	4	5	6	7	8	9
1									
2									
3									
4									
5									

### 4. XEROGLÍFICO:



¿De que se decatou Taraxa?



*El genio multifacético de Miguel Angel ofrece en la Pietà (Roma) la perfección del estudio anatómico, en un contexto de sólida belleza.*